

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*RESOLUCIÓN do 17 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se amplían as zonas demarcadas pola presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca.*

Antecedentes.

A praga denominada couza guatemalteca da pataca, provocada polo organismo nocivo denominado *Tecia solanivora Povolny* ou *Scrobipalopsis solanivora Povolny*, foi detectada na Comunidade Autónoma de Galicia en agosto do ano 2015.

A *Tecia solanivora Povolny* é unha praga incluída na lista A2 da EPPO (*European Plant Protection Organization*) e no anexo II, parte A, sección I, da Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, polo que se considera unha praga de corentena, sometida a regulación, e, polo tanto, cómpre tomar medidas para a súa erradicación e control.

A través da Resolución do 16 de outubro de 2015, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, declárase a presenza da praga de corentena denominada *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca, establécense as zonas demarcadas para esta praga e adóptanse medidas urxentes para a súa erradicación e control na Comunidade Autónoma de Galicia. Posteriormente, a Resolución do 11 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, amplía as zonas demarcadas pola presenza da praga. Para os efectos de que os agricultores da zona demarcada puidesen comunicar a existencia de parcelas de cultivo de pataca, o día 14 de febreiro de 2017 foi publicada no DOG núm. 31 a Resolución do 9 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Con data do 4 de marzo de 2017, publicouse o Real decreto 197/2017, do 3 de marzo, polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora Povolny* (BOE núm. 54, do 4 de marzo). En aplicación deste real decreto, en Galicia publicouse a Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora Povolny* ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 49, do 10 de marzo).



En datas posteriores ás da publicación desa Resolución do 8 de marzo producíronse novas deteccións deste organismo no concello de Cariño, incluído ata ese momento na zona tampón polo tanto, debe pasar a declararse todo o concello como zona infestada e aplicarse nel o establecido nos puntos 2, 4 e 5 da mencionada resolución.

Por todo o anteriormente exposto,

RESOLVO:

1. Ampliar as zonas infestadas pola existencia da praga denominada *Tecia solanivora Povolny*, couza guatemalteca da pataca, na Comunidade Autónoma de Galicia, engadindo, ademais das indicadas no punto 1.a) da Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, o concello de Cariño, na provincia da Coruña.

2. Manter todas as medidas fitosanitarias establecidas na Resolución do 8 de marzo de 2017 e, en concreto, a expresa prohibición do cultivo de pataca nestas zonas infestadas.

3. Os agricultores das zonas tampón definidas no punto 1.b) da Resolución do 8 de marzo de 2017 deberán seguir comunicando, inmediatamente despois da sementeira, todas as parcelas cultivadas con pataca, segundo o modelo establecido no anexo I da Resolución do 9 de febreiro de 2017 (DOG núm. 31, do 14 de febreiro). En canto ao destino desta pataca:

a) Se é de autoconsumo, para a súa produción aplicaranse as medidas establecidas no artigo 8.4 do Real decreto 197/2017, e o seu movemento realizarase sempre en vehículos pechados ou cubertos cunha malla.

b) Se é o de comercialización, para a súa produción aplicaranse as medidas establecidas no artigo 8.4 do Real decreto 197/2017, a instalación de almacenamento deberá cumprir co establecido no artigo 8.5 do Real decreto 197/2017, deberá estar inscrita no Rexistro Oficial de Produtores, Comerciantes e Importadores de Vexetais (ROPCIV) e o movemento de pataca deberá realizarase en vehículos pechados ou cubertos cunha malla e sempre acompañados do correspondente pasaporte fitosanitario.



4. Os operadores de pataca de semente na Comunidade Autónoma de Galicia deberán cumprir:

a) En zonas infestadas por couza guatemalteca non poderán ter existencias nin comercializar este tipo de pataca.

b) En zonas tampón e zonas libres de couza guatemalteca deberán:

– Comunicar as existencias de pataca, utilizando o modelo do anexo I da Resolución do 8 de marzo de 2017.

– Levar o rexistro de información dos compradores de pataca de semente indicado no punto 2 da Resolución do 9 de febreiro de 2017.

– Os operadores situados en zona tampón ademais deberán instalar no local destinado a almacén trampas de feromona específicas para a captura de Tecia.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2017

Belén María do Campo Piñeiro
Directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

